




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ria de Camariñas. Municipio: Camariñas. Parroquias: San Xurxo de Camariñas. Extensión: 0,77km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade que conforma unha enseada ao redor da praia de Lago, e que se prolonga cara ao interior por medio dunha chaira aluvial de escasa pendente, encaixada entre dúas elevacións graníticas convexas situadas nos extremos suroeste e sueste, que descenden con vertentes de pendentes moderadas cara á chaira costeira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unida pertencente ao Dominio hercínico, cun granitoide migmático que, no suroeste presenta unha facies granítica homoxénea. O Cuaternario ten representación sensible na praia, dunas e manto eólico do fondo da enseada e ladeira este do Monte Farelo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Pequena cunca de clima suave e húmido. Temperatura media anual por riba de 15°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano poden chegar a 1400mm, sen baixar de 1200mm. Dominio climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Leptosols líticos fundamentalmente no extremo occidental da unidade, en torno ao Monte Farelo. A vertente está formada por regosois, mentres que nos sectores de menor pendente e de fondo de val se localizan os solos máis evolucionados do tipo cambisol dístico. Por último os arenosos álbios e háplicos localízanse no complexo sedimentario de Praia de Lago.


AS AUGAS

A súa reducida extensión limita a existencia de cursos de auga destacables, á marxe daqueles de réxime temporal que poidan desembocar na praia de Lago. A masa de Auga Costeira dominante é a 20135, de Cabo Vilán.

O PATRIMONIO NATURAL

Só o sector intermareal e o medio mariño inclúense no LIC Costa da Morte. Encóntrase dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Costa mixta cuxo centro é o complexo areoso de Lago. Nos extremos encóntranse representados o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de refugallos mariños acumulados pola presenza de praias de cantos. As vertentes costeiras dos flancos da unidade presentan algún sector con hábitats de mato seco costeiro pero realmente encóntranse antropizados na súa maior parte. Ademais da plataforma rochosa intermareal e a praia central que permiten o hábitat 1210, tras o intermareal areoso, aparecen dunas do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Tras elas móstrase unha zona deprimida con prados húmidos pero moi transformados por actividades agrícolas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unidade caracterizada antigamente por un intenso uso agrícola na chaira aluvial vinculada ao Praia de Lago, na actualidade en claro retroceso que progresivamente vai sendo substituído por usos forestais ou, simplemente, abandonado e cuberto por vexetación costeira de mato. Nas zonas periféricas o solo está cuberto por masas boscosas de repoboación para uso forestal, que en determinados puntos se combinan con masas arbóreas autóctonas, parcelas cultivadas e áreas de mato degradado. Apréciase un equipamento deportivo que se sitúa ao occidente da unidade.

MORFOLOXÍA

Non existe ningún núcleo habitado. A única edificación que se sitúa neste ámbito é o campo de fútbol de Camariñas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

10 A estrada que une Camariñas co Cabo Vilano atravesa esta unidade polo seu extremo setentrional, en dirección NO-SE. Unha pista asfaltada desvíase no punto intermedio para dar acceso ao campo de fútbol, de onde sae outra que dá acceso á Praia de Lago do Norte. As pistas e camiños tradicionais que daban acceso ás parcelas mantéñense na actualidade, estruturando o territorio de acordo co modelo tradicional.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen elementos patrimoniais catalogados dentro desta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A pequena enseada que se forma fronte á Praia de Lago do Norte (Corveiro de Lago) é o elemento máis característico desta paisaxe. A parte central da unidade ocúpaa o conxunto que forma a praia e o pequeno complexo de dunas, xunto ás terras de cultivo que ocupan a chaira aluvial, que conserva aínda a estrutura tradicional de muros e camiños. As terras máis afastadas da fronte litoral presentan unha combinación de masas forestais autóctonas, plantacións de repoboación, parcelas que conservan o seu uso orixinal agrícola e ámbitos cubertos por vexetación costeira de mato como consecuencia dos procesos de regresión da actividade agropecuaria. É moi importante a relación que mantén esta unidade co Monte Farelo, que delimita a enseada polo oeste, e o Monte de Atalaia, que serve de límite visual cara ao sur.

DINÁMICA DA PAISAXE

Este ámbito áchase relativamente próximo ao núcleo de Camariñas, pero o suficientemente afastado como para ser unha das primeiras zonas nas que se abandonou a actividade agrícola cando a súa importancia comezou a diminuír. Deste xeito encontramos aínda moi presente a estrutura parcelaria tradicional, sobre a que se produciu un fenómeno de substitución de usos, pasando a primar a explotación forestal sobre a agrícola naquelas parcelas que non foron abandonadas e acabaron tomadas polo mato. Aparecen novos usos do territorio (as praias pasan a ser recursos turísticos que xeran unhas dinámicas de mobilidade antes inexistentes) e instálanse novos equipamentos (campo de fútbol) con importante presenza paisaxística.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A praia de Lago e a súa duna asociada estruturan a unidade, dando paso a unha chaira costeira cuxo parcelario agrícola na actualidade se está vendo reducido polas repoboacións forestais que poboan os bosques que resgardan a unidade.. Trátase no seu conxunto dunha unidade paisaxística que non soportou unha forte antropización. Aínda así, mantéñense as pegadas desta presenza antrópica na estrutura do territorio, o que posibilita a lectura do modelo de organización territorial da paisaxe, quedando rexistrados os diferentes procesos e dinámicas que aconteceron ao longo do tempo. No conxunto que forma esta unidade destaca o fito paisaxístico que supón a Ermida da Nosa Señora do Monte en Monte Farelo, incluída na enseada de Corveiro de Lago. Desde este medio destacan as visuais cruzadas cara á veciña unidade de Portocelo, coa costa de Muxia no fondo. A ausencia de elementos xeográficos importantes que definan o ámbito paisaxístico cara ao interior fai que os seus límites se esvaezan, conectando este territorio coas terras de Camariñas polo este e Cabo Vilano cara ao norte.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



